

Notas arredor de *A taberna do Galo* de Celso Emilio Ferreiro

Some ideas around A taberna do Galo of Celso Emilio Ferreiro

José Ángel GARCÍA LÓPEZ

Universidade de Alacant

garcia.lopez@ua.es

[Recibido 29/03/2012, aceptado 28/05/2012]

RESUMO

No presente artigo levamos a cabo unha aproximación a algúns aspectos relativos ás instancias narrativas, as intertextualidades e varios referentes tomados da realidade (confirmados ou non polos estudosos) que apreciamos no libro *A taberna do Galo*, un dos froitos mais serodios da pluma de Celso Emilio Ferreiro, o cal viu a luz en 1978 como anticipo dun orixinal que este autor non puido terminar: *Memorias de nunca*.

PALABRAS CHAVE: narrativa, biografía, autobiografía, autoficción, literatura galega, Celso Emilio Ferreiro.

GARCÍA LÓPEZ, J. A. (2012): “Notas arredor de *A taberna do Galo* de Celso Emilio Ferreiro”, *Madrygal (Madr)*, 15: 57-66.

RESUMEN

En el presente artículo llevamos a cabo una aproximación a algunos aspectos relativos a las instancias narrativas, las intertextualidades y varios referentes tomados de la realidad (confirmados o no por los estudiosos) que apreciamos en el libro *A taberna do Galo*, uno de los frutos más tardíos de la pluma de Celso Emilio Ferreiro, el cual vio la luz en 1978 como anticipo de un original que este autor no llegó a concluir: *Memorias de nunca*.

PALABRAS CLAVE: narrativa, biografía, autobiografía, autoficción, literatura gallega, Celso Emilio Ferreiro.

GARCÍA LÓPEZ, J. A. (2012): “Notas alrededor de *A taberna do Galo* de Celso Emilio Ferreiro”, *Madrygal (Madr)*, 15: 57-66.

ABSTRACT

This essay deals with an approachment to some aspects relative to the narrative instances, intertextuality and some references taken from reality (recognized or not by the experts) that we observe in the book *A taberna do Galo*, one of the latest writings of Celso Emilio Ferreiro, which saw the light in 1978 in advance of an original that this author did not arrive to conclude: *Memorias de nunca*.

KEY WORDS: narrative, biography, autobiography, autofiction, Galician literature, Celso Emilio Ferreiro.

GARCÍA LÓPEZ, J. A. (2012): “Some ideas around *A taberna do Galo* of Celso Emilio Ferreiro”, *Madrygal (Madr)*, 15: 57-66.

SUMARIO: 1. Circunstancias da xénese de *A taberna do Galo*. 2. Estrutura e clasificación xenérica da obra. 3. “Onde o Galo parola cun forasteiro e despois con Celso Emilio”. 4. “Onde se explican, clasificados por especies e maneiras, os alcumes da vila”. 5. “Onde se conta a historia dun burriño chamado Canuto”. 6. “Onde o Emiliño empeza a perder a inocencia”. 7. “Onde o Emiliño perde a pouca inocencia que lle quedaba”. 8. Conclusións. 9. Referencias bibliográficas.

1. CIRCUNSTANCIAS DA XÉNESE DE *A TABERNA DO GALO*

Tras o seu regreso a España en 1973, Celso Emilio instalárase en Madrid, onde ademais de traballar como xornalista había de implicarse en labores de signo cultural, como a dirección da Cátedra de Cultura Galega do Ateneo madrileño, e noutros de carácter político. Nas eleccións xerais de 1977, este intelectual presentouse como senador por Ourense dentro da *Candidatura Democrática Gallega*, cargo para o que finalmente non resultou elixido. Este feito non empeceu o desenvolvemento dos seus proxectos literarios, que, tocante á prosa, habían de concretarse na aparición do libro *A taberna do Galo*, obra publicada baixo o selo editorial de Castrelos¹. A pesar de ser unha concepción parcialmente frustrada (quizais debido a impaciencias editoriais), sabemos que Celso Emilio participou no proceso de edición de *A taberna...*² e que asumiu un papel destacado na súa promoción (Graña 1991: 82). E cómpre engadir que, en maio de 1979, o escritor realizou unhas declaracións ao diario *La Región* onde confesaba que o período de composición do volume *Memorias de nunca* continuaba aberto³:

Estou escribindo moi lentamente, un libro de poemas que se titula *Dende aquí vexo o mar acolá diante* e ademais estou escribindo, en prosa, unhas *Memorias de nunca* nas que partindo de feitos reais que me ocorreron a min ou a outros desenrollo unha narrativa moitas veces inventada que, ao final pode constituir unha novela, pero que de momento non sei ben o que vai ser. Un fragmento deste libro publiquéino recentemente en “Castrelos”, co título *A taberna do galo*.

Ende mal, a morte sorprendeu o intelectual o 30 de agosto de 1979, impedíndolle concluír a redacción do dito volume.

2. ESTRUTURA E CLASIFICACIÓN XENÉRICA DA OBRA

A taberna... está estruturada en cinco capítu-

los, precedidos por un prólogo que testemuña que este texto é apenas un adianto dunha obra máis ampla, co que xustifica unha posible falta de cohesión entre as partes. O seu contido é notablemente híbrido, pois a carón de vivencias autobiográficas encontramos referencias biográficas verídicas sobre outros intelectuais, exemplos de intertextualidade con textos publicados polo noso escritor na prensa galega e elementos de ficción, todos eles englobados na descrición da vida na vila natal do autor: Celanova. Se no corpus lírico de Celso Emilio encontramos puntualmente composicións que posúen reminiscencias autobiográficas, para contar outros aspectos da súa vida Celso Emilio elixiu escribir un libro en prosa como *A taberna do Galo*, cuxo contido alterna biografía e autobiografía a carón de elementos froito do enxeño literario, retallos de ficción que o escritor aplica a si mesmo ou a outras figuras cuxa biografía inclúe nas páxinas deste volume.

Existe un punto clave que debemos aclarar antes de analizar, sen ningunha pretensión de exhaustividade ou dogmatismo, algúns aspectos desta obra do escritor celanovés: a súa clasificación xenérica. En xeral, os límites entre a autobiografía e as memorias son imprecisos e subxectivos, pois hai elementos de ambas as dúas modalidades que poden confluír nun mesmo texto, ben que sempre mantendo unha relación de subordinación. O trazo que nos permite distinguir a natureza do escrito, de acordo con Philippe Lejeune (1982: 15-16), é o propósito fundamental do autor: escribir a historia da súa persoa ou a da súa época. Atendendo aos contidos do volume que nos ocupa, observamos que Celso Emilio relata en varios capítulos acontecementos e circunstancias que, en principio, non son relevantes para o lector, aínda que para o autor esas preocupacións persoais resulten especialmente emotivas, o que para Georges May (1979: 104-105) constitúe unha das características principais da escritura autobiográfica. Polo tanto, podemos considerar que *A taberna...* cumpre coa premisa sinalada por Lejeune e, xa que logo, incluíala dentro dese xénero. O principio autobiográfico non se traizoría polo uso na narración doutras persoas

¹ Posteriormente, formou parte do terceiro volume da *Obra completa* do autor a cargo do profesor Xesús Alonso Montero, publicado por Akal en 1981, e tamén foi incorporado á compilación ao coidado de Mónica Góñez Silva titulada *Obra narrativa* (2003). As citas textuais que facemos de *A taberna...* ao longo deste traballo remiten a esta última edición. Por último, en 2011 saíu á venda unha tradución ao castelán deste libro de Celso Emilio feita por Ramón Nicolás Rodríguez e ilustrada por Pedro Rico.

² Tucho Calvo apunta ao respecto: “A Celso Emilio lémbroos paseándonos por Vigo camiño de recoller unhas probas da cuberta de *A taberna do Galo* da exitosa colección de *O Moucho* da editorial Castrelos, «libros do pobo para o pobo»” (Calvo 2004: 12).

³ Nicolás Rodríguez 2009: 57-58.

gramaticais se acreditamos que traducen unha mesma referencia –o *eu*– e estamos de acordo en que a alternancia das instancias narrativas responde ao criterio de trasladar o propio suxeito á posición de obxecto (o personaxe de don Celso Emilio) para poder expresar mellor determinadas cuestións ou reflectir a súa evolución. Estas consideracións, xunto cos argumentos enunciados por Lejeune (1994: 50), quen apoia que poida ser incluído no xénero calquera texto que albergue abertamente unha intención autobiográfica, permítenos situar igualmente o libro de Celso Emilio dentro das marxes da autobiografía, sen excluír a presenza da autoficción en determinadas partes da obra.

3. “ONDE O GALO PAROLA CUN FORASTEIRO E DESPOIS CON CELSO EMILIO”

O capítulo que abre *A taberna...* ten como marco o establecemento que dá título ao libro. Como corresponde ás convencións da autobiografía, a descrición dos escenarios en que se desenvolven as vivencias do autor é algo irrelevante. Non hai mención ningunha no texto respecto da situación nin do estado da taberna (tamaño, decoración, iluminación...). Convén indicar que a taberna citada existe realmente e está situada no número 20 da Praza do Millo. E, inda que non se cite en ningún momento na obra, este local era un dos lugares predilectos do autor (Iglesias Grande 1991: 97). Ademais, debemos apuntar que en ningún caso a taberna é un símbolo ou tradución a forma material da existencia de Celso Emilio, pois esta non se caracterizou precisamente pola rutina habitual da hostalería.

Segundo a Hubert Brochier (1983: 181), quen sostén que o texto autobiográfico necesita dirixirse a un interlocutor para erixirse como tal, acreditamos que é evidente que non existe literatura autobiográfica sen lector que a complete, ben que o interlocutor non ten que ser necesariamente externo. O texto de Celso Emilio segue esta pauta: comeza en forma de diálogo, do cal só percibimos a voz do narrador, pero non a do narratorio, técnica que Tarrío Varela (1989: 102) puxo en relación con outros escritores como Blanco-Amor, Cunqueiro ou Torrente Ballester. Diferentes personaxes, todos eles veciños de Celanova, son visualizados narrativamente mediante varios procedementos de presentación apli-

cados por Celso Emilio, de xeito que aqueles entran na taberna voluntariamente ou ben son aludidos na conversación. As referencias aos personaxes varían considerablemente, desde o comentario máis sobrio ata un bosquejo cronolóxico segundo os casos, como a descrición xenealóxica que fai o taberneiro Aleuterio (sic), coñecido polo sobrenome de *Galo* que tomou do seu avó e que exhibe tamén o seu negocio (Ferreiro 2003: 165-166), ou a biografía da *Dema*, prostituta local que chegou a rexentar un bordel en Ourense en tempos de Primo de Rivera (Ferreiro 2003: 167-168).

Á marxe do anteriormente exposto, a facultade de representarse a si mesmo no texto confire a Celso Emilio as consideracións de narrador e personaxe en clave autobiográfica. O personaxe de don Celso Emilio é unha proxección da personalidade do seu creador e o seu comportamento transgride lixeiramente as normas da autobiografía, posto que non se omiten os costumes do biografado que son publicamente coñecidos (afección polo viño e pola conversa), nin tampouco as maneiras características da súa conduta que se expresan fisicamente (o porte social ou a aparencia):

—¡Que casualidade, falando do rei de Roma, axiña se asoma! Eiquí temos a don Celso Emilio entrando pola porta.

—Pois si señor, eiquí me tes, meu Galo, de paso pola vila, sempre leal ao teu viño da Cuqueira e á túa conversa caudal.

—Qué farruco o atopo a pesares deses bigotes brancos de petrucio que porta debaixo do nariz cumprido.

—O ser petrucio non está nos bigotes, meu Galo, que está na alma e tamén nos confroncos. Na alma acóchase a homía de ben e nos confroncos a varudeza de ser home. (Ferreiro 2003: 170-171)

Don Celso Emilio apurou a derradeira cunca de tinto, saboreando os grolos con parsimonia.

—Abur —dixo—. Estes si son viños e non os que un ten que catar por ises madriles de Deus [...]. O branco non é viño, é unha beberaxe. Viños, o que se di viños, soamente o son os tintos. O bo viño tinto cría sangue, aleda o ollo e quenta o corpo. (Ferreiro 2003: 179)

Como é lóxico, corresponde a don Celso Emilio o contar en primeira persoa episodios autobiográficos e aspectos do seu vivir individual que os demais non poderían coñecer senón parcial ou inexactamente, como o seu encarceramento no

mosteiro de San Rosendo e mais as circunstancias que inspiraron o poema inicial de *Longa noite de pedra* (Ferreiro 2003: 177-179). Cómpre acrecentar que, aínda que a argumentación que emprega o personaxe de don Celso Emilio, pola súa elaboración e coherencia, crea no lector certa impresión de ecuanimidade, as palabras de condena son vehementes e inequívocas:

—A Doniña era unha especie de Némesis lardeira, un ser vil, encanallado e comesto pola súa ruindade de alma. Morreu antes de que eu tivera ocasión de volver vela. Tampouco a verei no outro mundo, pois ela está no inferno onde eu non penso ir porque Deus é xusto. (Ferreiro 2003: 179)

En conxunto, a existencia dos personaxes de Celanova aludidos na conversación está acreditada por diversas fontes. En cambio, a descrición destes que levan a cabo o *Galo* e Celso Emilio a través do diálogo que manteñen, adoita incluír suposicións e elementos coñecidos tradicionalmente, pero non probados de forma fidedigna. Un bo exemplo do antedito anotámolo na biografía que Celso Emilio fai do seu bisavó, de alume *Pulido* (Ferreiro 2003: 172-173). Perante a perspectiva dun narrador intradiexético, parece obvia a asunción da comunicación dialóxica, pois é admitida a fragmentación do binomio autor/personaxe e a imposibilidade de escribir desde un *eu* como espazo da certeza, da omnisciencia. Os indicios de verosimilitude cos que Celso Emilio expón a biografía dos personaxes vense apoiados pola introdución de digresións narrativas de tamaño variable, cuxa función é comparar aspectos do presente con outros ben retrospectivos, ben posteriores, que confirman por vía de acumulación a entidade psicolóxica de cada personaxe. A referencia que o escritor fai do *Agipró* na obra ilustra axeitadamente ese tipo de digresións:

—[...] Atopeino eu no ano 1966 en Caracas, vello xa, pero aínda teimoso nas súas prácticas e animoso nas súas ideas [...]. Prefiro seguir falando do *Agipró*, que era un home honrado, e a honra e o proveito teñen distinto xeito [...]. Il coñeceu e acercouse a min: “¿Vostede non é Emiliño, fillo de don Venancio o Pulido?”, preguntoume. “O mesmo que viste e calza”, contesteille. “Pois eu sonlle o *Agipró*, de quen terá oído falar na vila”, dixo il [...]. “Qué ben viven os burgueses”,

comentei. “Vivir, viven ben, é certo, pro ¿cómo teñen a conciencia? ¿Poden durmir sabendo que hai xente que pasa fame?”, contestoume. “Poden, *Agipró*, poden”, dixerlle eu. “O que lle tira o sono aos ricos non é a conciencia, son os cartos”.

—¿E daquela o *Agipró* explicoulle como puidera fuxir da queima cando a desfeita da guerra?

—Claro que mo explicou e semella unha novela. Cando estalou o chamado “glorioso movemento nacional”, o *Agipró*, que vivía coa muller na casa dos sogros, nunha aldea preto da vila, acubillouse nun currunchito [...]. Pasados algunhos meses a muller comenzou a recibir cartas dende Bos Aires firmadas polo suposto fuxitivo, nas que iste lle contaba cómo disfrazado de mendiño puidera chegar ata Francia, e dende alí, nun barco de refuxiados, a Bos Aires [...]. Pro a verdade é que o *Agipró* non saíra do seu escondedelo na casa do sogro. As cartas firmadas por il eran levadas por maos amigas a Portugal e dende alí, por correo, dirixidas a unhos parentes que residían na Arxentina, quen, tamén por correo, mandábanas á muller do *Agipró*. (Ferreiro 2003: 174-176)

Este tipo de narración refuta a obxectividade da biografía convencional porque antepón a sinceridade testemuñal do narrador e mais a súa empatía polo personaxe antes que a constatación histórica e obxectiva do relato biográfico. Con todo, cremos destacado salientar en relación con este personaxe que a maneira de actuar, a ocultación para evitar a represión e o posterior exilio en terras sudamericanas do *Agipró* coinciden parcialmente coa biografía de Benito Cancela Rodríguez, alcalde masón de Celanova en tempos da Segunda República (Rodríguez Teijeiro e Valín Fernández 1996: 245-246).

Como alternativa á narración autobiográfica con verbos activos en primeira persoa e o pronome nominativo *eu*, en determinadas partes deste capítulo establécese unha voz narrativa en terceira persoa; por exemplo, durante a exposición da dexeneración mental dunha veciña de Celanova, Albertiña, xunto co seu traslado e posterior abandono en pleno centro de Madrid co consentimento hipócrita do resto da vila (Ferreiro 2003: 186-188)⁴. Debemos resaltar que, mediante este procedemento, o autor/narrador toma distancia respecto de si mesmo, algo que se revela necesario para que Celso Emilio, comparado máis ou menos obxectivamente cos seus próximos, sexa

⁴ Esta historia coincide punto por punto, agás nos antropónimos, co relato “Juana la loca” que o noso autor deu a coñecer nas páxinas do *Faro de Vigo* (9-XII-1949) e que pode ser consultado na colectánea *Semblanzas, crónicas e artigos* (Ferreiro 2005: 34-37).

considerado como símbolo ou representante de certa clase de intelectuais:

O *Furriel*, cando don Celso Emilio saíra, dixo:
—Pensar que iste señor é hoxe eiquí un forasteiro, éncheme de tristura. A miña filla, que como ten estudos sabe destas cousas, díxome que na biblioteca do Concello non hai ningún dos libros escritos por iste home. ¡Ora, viches cousa coma ela!

Outro da rolda, chamado Miguíñas, comentou:
—Esto acae moi conteste co feitío da vila. O mesmo lle fixeron a Curros, que por algo dixo aquilo de “terra ingrata que ispes os teus fillos pra vestir os teus xenros”. Está visto que ninguén é profeta no seu pobo.

Seguiu o *Furriel*:

—En primeiro termo penso que don Celso Emilio (o Emiliño, como nós lle chamabamos cando era neno) endexamais pretendeu ser profeta, pois abóndalle con ser poeta, que é cousa onde o interese mesquiño non funciona. Pro a xente de arestora pensa que a poesía está no cazolo. Non cre nela. (Ferreiro 2003: 179-180)

O *Pardal*, que acababa de chegar á tasca, asentiu:

—Tes máis razón que un santo. O outro día, neste mesmo lugar, ofendeume un mozo barbilindo e goedelludo, dicíndome qué cona sabía eu sobre o que era a democracia. “Sei —díxenlle— da nai que te pariu e do pai que te fixo. E sei da democracia porque vivín nela cando ti nin sequera eras un cágado de persoa”. (Ferreiro 2003: 185)

Como podemos comprobar, non hai alusións directas ás circunstancias materiais de Celso Emilio, á marxe das súas opinións morais, as súas reflexións artísticas e as discrepancias intelectuais ou políticas respecto dos seus contemporáneos. Convén sinalar que a necesidade que sente o autor de plasmar as súas ideas afecta incluso á presentación literaria, por canto Celso Emilio aproveita a posibilidade que a escritura autoficcional lle ofrece de desdoblarse en varios personaxes para proxectar sentimentos máis persoais. De aí que, por mor do pudor que sente o autor, sexa o personaxe do *Furriel*, un dos seareiros da taberna, e non o de don Celso Emilio, o que amose unha maior emotividade cara á figura do intelectual celanovés Xosé Velo Mosquera. Á beira da análise psicolóxica realizada por un narrador omnisciente en terceira persoa que toma o relevo da enunciación en primeira persoa de don Celso Emilio, é o *Furriel* quen nos informa da biografía do malfadado Velo Mosquera, amigo íntimo do autor (Ferreiro 2003: 181-182).

Ademais, a adición dun documento real de carácter privado, como é a carta que Velo Mosquera dirixe a Celso Emilio antes de morrer, ofrece unha potenciación da subxectividade, xa que crea ao lector a ilusión de que ve o mundo a través dos ollos do biografado ao serlle revelados aspectos íntimos da psicoloxía deste último (Ferreiro 2003: 183-185).

4. “ONDE SE EXPLICAN, CLASIFICADOS POR ESPECIES E MANEIRAS, OS ALCUMES DA VILA”

En Celanova, igual ca noutras localidades galegas, subsiste unha longa tradición de alcumes, moitas veces referidos a unha particularidade da persoa ou da familia, ou ben un derivado do lugar de nacemento, un defecto, a profesión do pai, etc. Emporiso, temos que subliñar o artificio literario que constitúe a relación de alcumes de extracción popular que configura o capítulo segundo da obra que nos ocupa. Esa relación de alcumes dos veciños da vila, un orixinal manuscrito que conserva o *Galo*, é xulgada produto das pescudas de alguén cuxo nome non nos é revelado, a pesar de que se ofrecen varios datos ao respecto no capítulo primeiro do libro:

E agora que falo de costumes, lémbrome que denantes da nosa guerra civil tiñamos eiquí un escolante que era moi curioso das cousas do pobo, cantigas, lendas, refráns, alcumes e outros divertimentos. Chamábanlle por mal nome o *Pinguíña*, porque el chamáballe así ao viño [...]. Era, sen desprezar a ninguén, agudo coma un allo e non sei qué terá sido dil, pois como estaba cos da casca amarga un día levárono preso e nunca máis volve-mos saber da súa rota. Algunhos din que puido fuxir pró Brasil, onde tiña un irmao misionero no Mato Grosso, e outros afirman que o levaron ás claudias e que está criando malvas en calquera curruncha do monte Furriolo. Daquela aconteceron cousas tan malignas que calquera delas pode ser certa [...]. En certa ocasión o escolante veu, como soía, á miña taberna e pregoume que lle recitara os alcumes vellos da vila. Eu funllos dicindo e, poucos días despois, tróuxome unha nómina de todos iles, clasificados por modos e maneiras. (Ferreiro 2003: 169-170)

O Furriolo está situado no concello da Bola e foi escenario, xunto con outras zonas limítrofes, xa dentro do termo municipal de Rairiz de Veiga, de varios fusilamentos tras a sublevación militar

de 1936 (Prada Rodríguez 2005: 38-41). O interese nas tradicións populares e particularmente na cultura oral, así como a súa posible execución, indúcenos a pensar que a identidade do *Pinguña* podería estar inspirada na vida real de Amadeo López Bello, natural de Carballeda de Avia, mestre e colaborador da revista *Nós*. No lugar coñecido como Poza das Ras foi asasinado o 29 de agosto dese ano ao lado de Xulio González Álvarez, natural de Vereia e mestre en Gontán, e tamén de Silvio Torres Díaz, un humilde condutor nacido en Ourense. No entanto, cómpre facer notar que a susodita relación de alcumes engadía os seguintes datos sobre *O Pinguña*: “Escolante, hoxe xornalista deportivo. Cando estalou a guerra, salvou de milagre (Fálase dil no relato)” (Ferreiro 2003: 203). Ademais, o perfil biográfico do *Pinguña* coincide en liñas xerais co de Xosé Velo (mestre de ideoloxía galeguista, detido no seu momento polas forzas da orde franquista e posteriormente exiliado en Venezuela e no Brasil) e tamén co do propio Celso Emilio (titulado en Maxisterio con conviccións galeguistas, arrestado polos militares sublevados e anos máis tarde autoexiliado en Venezuela). Así, deducimos que o texto é, en realidade, un apócrifo do propio Celso Emilio.

Polas páxinas deste capítulo desfilan unha serie de personaxes pertencentes na súa maioría ao estrato do común, tipos populares cuxas historias particulares, propias da oralidade coloquial, ao sernos expostas de modo literario, cobran unha entidade que, nalgúns casos, non as dignifica precisamente, como é o caso do *Baldreo* (Ferreiro 2003: 191). De acordo co confesado por Daniel Cortezón, a historia do *Baldreo* e outras, antes de ser impresas en 1978, xa formaban parte do repertorio habitual co que Celso Emilio animaba os seus faladoiros⁵:

Aquelas noites de xuntanza. As ceas: pan, queixo, viño. Paroladas altanoite. Ás veces viñan tamén Pilar Enciso e Lauro Olmo: festa maior. E Gamallo Fierros: festa caótica. Celso contaba contos de Celanova. Os contos da *Taberna do Galo*, aínda sen publicar. “Ei, ¿e aquela que lle puña os cornos ao home, que era unha miñaxoia, un pingapouco? Unha vez atopouna deitada con outro e díxolle moi alporizado: ‘¡Moi bonito, moi bonito!’ E ila: ‘¡Pois agora vai por aí dicíndollo a todo o mundo, para que encima se rían de ti!’ E ríamos ás gargalladas”.

⁵ Cortezón 1991: 58.

Por outra banda, detectamos un novo caso de intertextualidade coa súa propia obra, dado que debemos apuntar que o esbozo que o noso autor ofrece do veciño alcumado *O Romaría*, cuxo apetito e mais a súa desmedida afección polos actos lúdicos o levaron a pronunciar unha sentenza ao final dun banquete que se fixo célebre (“Si estas son guerras, que nunca se acaben y que nuestros enemigos no entren en ellas”, Ferreiro 2003: 202), está inspirada nun episodio verídico vivido por Celso Emilio e xa relatado no *Faro de Vigo* en 1962:

Un pollo por barba y que Santa Marina de Augas Santas, nacida al milagro en las cercanías de este lugar, nos lo perdona. La frase que muchas veces he citado, de “si estas son guerras, que nunca se acaben”, nació así, después de la batalla, y a los postres de la comida. (Ferreiro 2005: 157)

No mesmo capítulo, a intromisión consciente do autor implícito é evidente, sobre todo se temos en conta o carácter máis ou menos autobiográfico de certas referencias en clave cronolóxica que acompañan ás explicacións doutros sobrenomes cuxa misión é reforzar a idea de verosimilitude do narrado:

Así mo confesou o interesado nunha viaxe que fixemos xuntos a Vigo pra visitar a casa da *Collona*, que, por certo, tiña daquela unhas pupilas que deixaron pampo ao zamorano. (Ferreiro 2003: 190)

Un meu avó tiña unha fábrica de curtición de coiros, na que traballaba *O Merdiña*. A súa tarefa era a de recoller, por rúas e camiños, merda de can que, ao dicir dos entendidos, era un extraordinario curtinte para as peles. En realidade o alcume completo era *Merdiña de can*. (Ferreiro 2003: 198-199)

O Paiño. O autor deste catálogo, cando era neno, tivo a honra de terlle mao do papel da solfa nos días que a banda daba o seu concerto no palco da música da Praza Maior da vila. (Ferreiro 2003: 192-193)

O Perniñas foi á escola co autor deste catálogo, quen tivo que pasar con il pola tortura de aprender, de memoria e en verso, tódolos partidos xudiciais de España. (Ferreiro 2003: 204)

5. “ONDE SE CONTA A HISTORIA DUN BURRIÑO CHAMADO CANUTO”

A partir deste capítulo, a técnica narrativa exhibida na obra é máis ben tradicional, pois existe un narrador en terceira persoa que coñece perfectamente os acontecementos e incluso os pensamentos dos personaxes. As consecuencias no pacto co lector son significativas, dado que o narrador/autor implícito tende a transmitir consideracións diferentes. Desde o punto de vista da instancia autorial, o narrador identifícase aquí totalmente co autor implícito e ofrece nestas páxinas algunhas reflexións relacionadas coa figura do burro, extremo que, amais de propiciar a introdución dalgunha anécdota humorística de resonancias costumistas (Ferreiro 2003: 209-210), tamén ofrece un interese singular tomado desde a perspectiva autobiográfica. Nos derradeiros anos da súa vida, que coinciden coa época de redacción de *A taberna...*, pero tamén coa escrita do libro de poemas *Onde o mundo se chama Celanova* (1975), Celso Emilio manifestaba con certa frecuencia a súa querenza polas lembranzas asociadas coa vila da súa nenez:

—Non, si o que eu verdadeiramente quero é vivir en Celanova, comprar un leiro nun outeiro, facer unha casa e ter un burriño que chamaría Canuto II (xa tivera un Canuto I, que non tiña ren que ver coa proxenie realenga dos Canutos mero-vinxios; iste procedía da xinea lusitana dos Canutos contrabandistas de Tra-los-Montes e fora grande orneador de fados nostáxicos a máis de saudades existenciais). Pois si, un burriño grisallo a tirar dun carriño de dúas rodas. Entón mercaría dous sombreiros de palla, un para Canuto II e outro pra min, e saíramos de troula por congostras e rueiros, sempre xuntos. (Cortezón 1991: 58)

Cabe resaltar que o personaxe de Emiliño que aparece no terceiro e posteriores capítulos de *A taberna...* non está baseado na autobiografía real ou histórica do autor, senón nunha autobiografía potencial ou, se o preferimos, literaria. O elemento de realidade histórica (sucesos), verificable a través das fontes biográficas externas, vincúlase coas vivencias de tipo ordinario (as típicas do medio rural como lugar de traballo ou de ocio), ás que se engaden elementos de raíz ficticia: ideas, actitudes, manifestacións, etc., non probadas ou mal coñecidas a través de referencias incompletas, inexactas, ou mesmo inventadas. Por exemplo, o lugar de Acibeiro é unha representación fic-

ticia da parroquia real de Acevedo do Río. Porén, outros elementos reflicten unha fidelidade total á verdade histórica da infancia do noso autor. A serra da Madanela, camiño da Ramboia, tamén era frecuentada polos contrabandistas. E, igualmente, é verídico que o escritor fose propietario dun burro, un regalo dos seus pais ao que faría referencia nun artigo publicado no *Faro de Vigo* en 1964:

Los señores de Oriente, según me explicó mi padre, habían agotado en la comarca sus existencias de bicicletas, y, para no defraudarme, suplieron el fallo obsequiándome con un asnillo rucio, retozón e inteligente, sobre el cual cabalgué como un Centauro por los caminos y los senderos de mi tierra natal, resignado y conforme con el fracaso de mis apetencias ciclistas. (Ferreiro 2005: 259)

Nas páxinas de *A taberna...* o narrador/autor implícito reflicte fielmente ese episodio da súa infancia relatando as súas experiencias de aparente testemuñal:

Todas estas disquisicións veñen a conto de que o Emiliño, cando era neno pediulle aos Reis Magos, polo tempo de Nadal, unha bicicleta, pero os magos, quizais porque non dispuñan dun artilluxio tan moderno, puxéronlle en troques un burriño roán, cumprido de alzada, con dúas fitas negras nas ancas, unha estrela na testuz, orellas ergueitas, fortes cascos andadores e rabo bulidor [...]. O pai de Emiliño púxolle ao burro de nome Canuto, non se sabe moi ben por qué [...]. Con aquel burriño lanzal, que sabía trotar a xeito e tiña un paso de andadura suave coma o voo dunha andoriña, Emilio percorreu toda a bisbarra [...]. Lembrando quizais estes tempos, dixo, anos despois, nun poema:

*E véxome rubir, neno que eu era,
montado nun burriño, costa arriba,
camiño de Acibeiro onde moraba
toda a miña infancia.* (Ferreiro 2003: 212-214)

Esta composición, cuxo título non reproduce Celso Emilio no texto, titúlase “Paisaxe con figura” e pertence ao poemario *Onde o mundo se chama Celanova* (Ferreiro 2004: 517). A única diferenza entre ambas as versións do poema reside no topónimo Acibeiro, pois, como xa sinalamos, o nome real da parroquia celanovesa é Acevedo do Río.

6. “ONDE O EMILIÑO EMPEZA A PERDER A INOCENCIA”

Observamos con anterioridade como Celso Emilio se desdobra, pois desde a súa condición de autor/narrador obsérvase a si mesmo actuando nas páxinas do libro, como xa comprobamos no capítulo primeiro, e tamén fala de si mesmo como se se tratase doutro individuo. Ao pé das proxeccións de alternativas vitais do propio Celso Emilio, temos personaxes que son persoas reais; é dicir, cuxa existencia é verídica independentemente do autor, como sucede con Herminio Martínez, *Miguiñas* para os amigos, tal e como lembra nun texto publicado no *Faro de Vigo* en 1964 (Ferreiro 2005: 258). No capítulo inicial de *A taberna...* a súa participación maniféstase baixo o alcume referido, mentres que no segundo se explica a orixe de tal sobrenome (Ferreiro 2003: 191). No capítulo cuarto, a súa identidade correspóndese coa de Herminio e está vinculado a varios momentos clave na iniciación sexual de Emiliño:

O Emiliño tiña problemas. Estaba pasando as vacacións na casa dos seus avós, nos agros de Acibeiro [...]. Nas primeiras calores da primavera, cando xa se venta o verao, ía con outros rapazotes a bañarse ao río en porranchas, e despois de nadar e suaugar puñanse a secar ao sol na xesteira. Daquela comenzaba a función. O Herminio, que por ser o máis vello era o conselleiro erótico da pandilla, rubido á ponla dun sabugueiro, lía en voz outa unha novela pornográfica. (Ferreiro 2003: 217)

Celso Emilio pasou os períodos estivais da súa nenez na casa dos avós maternos (Porteiro e Perozo 1981: 11-24), dotada cunha fábrica de curtidos (Nicolás Rodríguez 2009: 7) onde, supoñemos, traballaría realmente o veciño alcumado *Merdña de can*, aludido no capítulo segundo de *A taberna...* (Ferreiro 2003: 198). Porén, as referencias autobiográficas proxectadas sobre o personaxe de Emiliño non se esgotan aí, pois Celso Emilio foi alumno dos Escolapios no colexio de Celanova e Emiliño tamén estuda nun “colexio dos frades” (Ferreiro 2003: 216). A educación represiva que recibe Emiliño tocante á sexualidade xustifica a introdución dun personaxe como o do padre Ferrete, feito que revela unha intertextualidade ignorada ata a data por moitos dos estudos do corpus en prosa de Celso Emilio. Cronoloxicamente, o dito personaxe aparecera anteriormente no relato en castelán “Por qué maté

a mi tío Olegario”, publicado polo escritor celanovés na revista *Finisterre* en 1943. Como indicamos no seu momento noutro traballo (García López 2012: 40), o relato en castelán mencionado é, a todas luces, un antecedente directo do relato en galego “O filántropo”, incluído por Celso Emilio na obra *A fronteira infinda* (1972). Unha das poucas modificacións feitas polo autor na trama que viu a luz en versión galega respecto da do relato publicado nas páxinas de *Finisterre* foi precisamente a supresión do personaxe do padre Ferrete (Ferreiro 1943: 23).

Á marxe do devandito, cómpre destacar que ao ser narrados sucesos de índole adversa para Emiliño, o seu proceso vital non parece consistir en que el realice os feitos do seu devir, senón en que estes lle vaian sucedendo sen que teña a capacidade de intervir nin na súa natureza nin nos seus efectos. Deste xeito, ao non pronunciarse ao respecto nin como personaxe nin como narrador, elude pudicamente parte da responsabilidade, pero tamén cobra certa distancia artística ou obxectividade perante os feitos:

No colexio dos frades, onde o Emiliño estudiaba, o padre Ferrete preguntáballe na confesión:

—¿Acostumas compracer coa man as túas luxurias? É un terrible pecado, amén dun atentado contra a saúde. Poraste tísico sen remedio.

O Herminio, tamén colexial, dous anos maior ca il, dicíalle:

—Non fagas caso. Un meneo a tempo é unha sanidade para o corpo. O outro día lin que un personaxe da Biblia tiña tratos coa “irmá da zurda”, e xa ves, o mundo segue andando.

O padre Ferrete volvía preguntar:

—¿Tiveches torpes tocamentos con muller ou home?

O Herminio aclaraba:

—Torpes, logo que si, terían que ser, pois non en balde es un primeirizo. Son fantasías do padre Ferrete, que vive anguriado pola castidade forzada. (Ferreiro 2003: 216-217)

7. “ONDE O EMILIÑO PERDE A POUCA INOCENCIA QUE LLE QUEDABA”

Os feitos relatados neste derradeiro capítulo da obra son abertamente ficticios, froito da concepción dunha realidade potencial (Ilduara e a súa nai, Ilena, costureiras que desempeñan o seu oficio de modo temporal na casa dos avós de Emiliño) coa súa imaxinación (relación sexual con Ilduara, ao par da que manteñen as súas

bestas). Cabe salientar que a conduta de Emiliño, en contraposición coa exhibida no capítulo cuarto, é propia dunha persoa adulta, e poderíamos poñela en relación coa do señor feudal do castelo de Milmanda (próximo a Acevedo do Río), de quen o escritor semella descender pola liña paterna (López Cid 1991: 103). Así, Emiliño seduce a Ilduara, moza que leva o mesmo nome que a nai de San Rosendo, fundador do mosteiro de Celanova. Porén, as súas orixes non son virtuosas, dado que non é filla do marido da súa nai, don Óscar, senón froito do adulterio cometido cun veciño, Xosé. Como sinalou no seu momento Góñez Silva (Ferreiro 2003: 27), a biografía de Ilena que refire o vello criado Racha a Emiliño non é senón unha recreación do relato titulado “El insomne”, publicado nas páxinas do *Faro de Vigo* en 1952 (Ferreiro 2005: 104-107). Os nomes dos seus protagonistas son case idénticos: don Oscarito, Helena e Giuseppe. O tópico literario do ancián casado cunha muller máis nova e enganado sen dó é explotado aquí con fins evidentemente humorísticos. Ante a imposibilidade de conciliar o sono, a esposa encontra a solución nun veciño con dotes de hipnotizador, quen fai crer ao marido que exerce como médium durante as sesións que teñen lugar cada noite e que se prolongan ata a madrugada. Finalmente, o engano e o adulterio son descubertos pola muller do veciño, farta das ausencias do home no domicilio conxugal. A dita recreación presenta no texto de 1978 a particularidade de ser unha historia introducida polo personaxe de Racha dentro doutra historia.

Polo demais, debemos subliñar que ao longo dos capítulos precedentes anotamos unha sucesión de espazos en progresiva redución (taberna, lugar público, espazo urbano; vila de Acibeiro, lugares públicos e privados, medio rural; escola, lugar privado, medio urbano; río, lugar privado, medio rural) que parecen determinar un camiño que culmina neste derradeiro capítulo no ámbito máis íntimo (casa dos avós de Emiliño, lugar privado, medio rural), onde se produce un acto de singular transcendencia como é a primeira relación sexual completa de Emiliño, algo que tradicionalmente é considerado o paso definitivo cara á etapa adulta.

8. CONCLUSIÓNS

A identidade do narrador e o tipo de enunciación, testemuñal ou ficcional, xunto ao carácter dialóxico resultante das diversas figuracións do *eu* na obra, motivan que *A taberna...* exhiba certa complexidade no deseño do narrador (ou narradores), dependendo de se forma parte ou non da historia como protagonista ou como personaxe secundario. Coincidimos con Vilavedra Fernández (1992: 387) en que o desprazamento da voz narrativa da primeira á terceira persoa supón unha progresión cara á despersonalización do relato. O asumir como propio un texto apócrifo no capítulo segundo debilita a responsabilidade autorial e, paradoxalmente, habilita a enunciación en primeira persoa do autor implícito. Á vista deste caso e consonte o proposto por Manuel Alberca (1996: 18), debido ao ambiguo estatuto en que se configura o autobiográfico, que nese capítulo en concreto chega a afectar a identidade do autor, cabería situar esa parte do texto no terreo da autoficción.

Por outra banda, o escritor celanovés ofrece unha perspectiva nova cando escolle representar no volume fragmentos da súa biografía como se tivesen unha existencia autónoma, pasando deste modo a ser personaxe (Emiliño) e non narrador en primeira persoa. Neste sentido, no derradeiro capítulo da obra podemos atestar o xeito en que se antepón a interpretación do criado Racha ao relato dos feitos que rodean a concepción de Ilduara e, desta maneira, o proceso de coñecer unha biografía allea convértese en vivencia propia para o personaxe de Emiliño.

En síntese, podemos cualificar *A taberna do Galo* como texto retrospectivo en prosa que reflicte a personalidade de Celso Emilio e o desenvolvemento interior ordenado cronoloxicamente de Emiliño, sen excluír o recurso a fórmulas literarias ficticias (episodios imaxinarios) ou semificticias para poder realizar unha crónica das súas experiencias e dos seus sentimentos.

9. REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

- ALBERCA, Manuel (1996): “El pacto ambiguo”, *Boletín de la Unidad de Estudios Biográficos*, nº 1, pp. 1-19.
- BROCHIER, Hubert (1983): “Psychanalyse et désir d’autobiographie”, en Claudette Delhez-Sarlet e Maurizio Catani (eds.), *Individualisme et autobiographie en Occident*. Bruxelles: Editions de l’Université de Bruxelles, pp. 177-185.
- CALVO, Tucho (2004): “Carabullos. Celso Emilio e Blanco-Amor”, *La Voz de Galicia* (31-VIII-2004), p.12.
- CORTEZÓN, Daniel (1991): “Lembranzas”, en VV.AA., *Voz e voto: homenaxe a Celso Emilio Ferreiro no X aniversario do seu pasamento*. Celanova: Patronato Curros Enríquez, pp. 55-59.
- FERREIRO, Celso Emilio (1943): “Por qué maté a mi tío Olegario”, *Finisterre. Revista de Galicia*, nº 3, pp. 23-24 e 34.
- _____ (1972): *A fronteira infinda*. Vigo: Castrelos.
- _____ (1978): *A taberna do Galo*. Vigo: Castrelos (Col. O Moucho).
- _____ (1981): *Obra completa 3* (ed. de Xesús Alonso Montero). Madrid: Akal (Col. Arealonga).
- _____ (2003): *Obra narrativa* (ed. de Mónica Góñez Silva). Vigo: Xerais.
- _____ (2004): *Poesía galega completa* (ed. de Ramón Nicolás Rodríguez). Vigo: Xerais.
- _____ (2005): *Semblanzas, crónicas e artigos* (ed. de Ramón Nicolás Rodríguez). Vigo: Xerais.
- _____ (2011): *La taberna del Galo* (trad. e prol. de Ramón Nicolás Rodríguez). Morcín: Pez de Plata.
- GARCÍA LÓPEZ, José Ángel (2012): “Conexións entre as narrativas en linguas castelá e galega de Celso Emilio Ferreiro”, *Raigame. Revista de arte, cultura e tradicións populares*, 36, pp. 36-45.
- GRAÑA, Bernardino (1991): “Celso Emilio, o P.E.N. e o pan”, en VV.AA., *Voz e voto: homenaxe a Celso Emilio Ferreiro no X aniversario do seu pasamento*. Celanova: Patronato Curros Enríquez, pp. 80-82.
- IGLESIAS GRANDE, Cesáreo (1991): “Lembranza dunha conversa con Celso Emilio”, en VV.AA., *Voz e voto: homenaxe a Celso Emilio Ferreiro no X aniversario do seu pasamento*. Celanova: Patronato Curros Enríquez, pp. 97-98.
- LEJEUNE, Philippe (1982): “Le pacte autobiographique”, en Philippe Lejeune et al., *L’autobiographie en Espagne. Actes du Colloque International de La Baume les Aix*. Aix-en-Provence: Université de Provence, pp. 8-25.
- _____ (1994): *El pacto autobiográfico y otros estudios*. Madrid: Megazul-Endymion.
- LÓPEZ CID, X[osé] L[uis] (1991): “As motivacións de Celso Emilio”, en VV.AA., *Voz e voto: homenaxe a Celso Emilio Ferreiro no X aniversario do seu pasamento*. Celanova: Patronato Curros Enríquez, pp. 103-104.
- MAY, Georges (1979): *L’autobiographie*. París: Presses Universitaires de France.
- NICOLÁS RODRÍGUEZ, Ramón (2009): *Conversas con Celso Emilio Ferreiro*. Vigo: Xerais.
- PORTEIRO, M^a José e PEROZO, José Antonio (1981): *Celso Emilio Ferreiro. Compañeiro do vento e das estrelas*. Madrid: Akal.
- PRADA RODRÍGUEZ, Julio (2005): “O Furiolo. Un dos lugares paradigmáticos da represión galega”, *Arraianos. 3: Represión e resistencia antifranquista*. [Ourense]: Asociación Arraianos, pp. 38-41.
- RODRÍGUEZ TEIJEIRO, Domingo e VALÍN FERNÁNDEZ, Alberto J. V. (1996): “Aproximación biográfica a Benito Cancela Rodríguez: un masón en la alcaldía de Celanova bajo el Frente Popular”, en José Antonio Ferrer Benimeli (coord.), *La masonería en la España del siglo XX*. Castilla-La Mancha: Universidad de Castilla-La Mancha / Centro de Estudios Históricos de la Masonería Española, vol. 1, pp. 245-256.
- TARRÍO VARELA, Anxo (1989): “Aproximación á prosa de Celso Emilio Ferreiro”, *Boletín Galego de Literatura. Homenaxe a Celso Emilio Ferreiro*, nº 1, Santiago de Compostela, Universidade de Santiago de Compostela, pp. 96-102.
- VILAVEDRA FERNÁNDEZ, Dolores (1992): “A instancia do autor implícito na narrativa de Celso Emilio Ferreiro. Para unha hermenéutica do autor implícito na narrativa galega”, en Rosario Álvarez (coord.), *Estudios dedicados a Celso Emilio Ferreiro*. Santiago de Compostela: Servizo de Publicacións e Intercambio Científico da Universidade de Santiago de Compostela, vol. 1, pp. 375-391.